



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE APROBAN AS BASES E SE CONVOCA O CONCURSO PARA ELABORAR A EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2020

A Lei 1/1981, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia recolle as competencias da Comunidade Autónoma no tocante á promoción da cultura e da investigación en Galicia e mais á promoción e ensino da lingua galega.

Así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece que a Xunta de Galicia ten a obriga de estimular as manifestacións culturais en lingua galega e contribuír ao fomento do libro en galego.

Por outra parte, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece que os equipos de dinamización da lingua galega (EDLG) terán a función de potenciar o uso do galego nos centros sostidos con fondos públicos e que a consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos EDLG e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nestes centros.

En consecuencia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESOLVEN:

Convocar un concurso entre os centros de ensino non universitario de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para elaborar unha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado en 2020 no Día das Letras Galegas, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que este viviu.

Os obxectivos que se perseguen son os seguintes:

- 1 Potenciar o estudo da obra e da época do autor homenaxeado.
- 2 Propiciar a reflexión sociolingüística sobre esta etapa histórica.
- 3 Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas á dignificación e normalización da lingua galega.
- 4 Impulsar a realización de actividades que favorezan a colaboración entre os departamentos e a implicación activa do profesorado e do alumnado.
- 5 Difundir a figura homenaxeada entre a comunidade educativa.





- 6 Enriquecer a oferta de materiais didácticos existentes en lingua galega e promover a súa divulgación como referentes para outros centros.

BASES

1 Obxecto da convocatoria

Poderán presentarse a este concurso exposicións sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado o Día das Letras Galegas en 2020, Ricardo Carballo Calero (Ricardo Carvalho Calero), e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que este viviu.

O eixe temático das exposicións será a obra e a época do autor, observadas desde unha perspectiva interdisciplinaria; o percorrido biográfico será só un pretexto para abordar unha realidade complexa e heteroxénea.

2 Participantes

Poderán participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional aos que se refire a base terceira desta convocatoria.

Formarase un equipo de docentes integrado por un número máximo de 10 persoas (agás excepcións debidamente xustificadas). Unha delas realizará as funcións de coordinación.

3 Categorías

Establécense dúas categorías de participación, en función da etapa educativa:

Categoría A: educación infantil e primaria

Categoría B: educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial

Cada categoría comprende os centros que integran as ensinanzas indicadas. Aqueles nos que se imparta educación infantil e/ou primaria e secundaria poderán concursar nas dúas categorías.

4 Premios

Concederase un premio para cada categoría de participación.

O centro que elabore a exposición gañadora de cada categoría recibirá un premio en metálico por un importe de 2 000 €.

Se a calidade dos traballos presentados non for a axeitada, os premios poderán quedar desertos.





5 Certificacións

O profesorado implicado activamente na elaboración das exposicións gañadoras recibirá unha certificación de primeiro premio de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

O coordinador ou coordinadora recibirá unha certificación de primeiro premio de innovación educativa equivalente a 30 horas de formación permanente do profesorado.

6 Forma de elaboración do traballo

O traballo será cooperativo e implicará a colaboración activa do alumnado e profesorado de diferentes departamentos, niveis, ámbitos, materias, áreas e/ou módulos.

7 Número e características dos carteis e da guía

A exposición constará de:

- 10 carteis de 70 x 50 cm, en disposición vertical.
 - Unha guía didáctica dunha extensión máxima de 28 páxinas; conterà unha serie de actividades para cada cartel, que terán o obxectivo de guiar a observación da exposición e fomentar o labor de investigación do alumnado. Incluirá portada e contraportada, índice, biografía e bibliografía. A portada e contraportada non computarán no número máximo de páxinas.

Os traballos serán orixinais e inéditos. A técnica que se utilizará será libre e os traballos poderanse presentar en cor.

As imaxes, citas textuais e materiais audiovisuais que se utilicen nos carteis e na guía deben ser de uso libre e ou ter licenza de uso gratuito para este fin educativo.

Descartaranse os traballos que non atendan a estas características.

8 Presentación dos traballos

Os traballos entregaranse en formato dixital. Os carteis, en pdf (modo de cor CMYK, resolución máxima) e JPG (cunha resolución entre 100 e 200 píxeles/polgada) e a guía didáctica, en pdf. Irán acompañados da reprodución impresa dun dos carteis e da guía didáctica.

Introduciranse nun sobre cerrado que presentará no exterior un lema ou pseudónimo como única identificación. Dentro del incluírase outro sobre, tamén cerrado, que levará no exterior o mesmo lema ou pseudónimo e no interior a solicitude co nome e os datos





do centro (ANEXO I) e mais unha certificación da súa dirección coa relación do profesorado que participou de forma activa (segundo o ANEXO II).

Presentaranse preferentemente no Rexistro Auxiliar da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no Rexistro Central da Xunta de Galicia ou nos das súas delegacións territoriais. Tamén poderán enviarse polos medios que establezan as disposicións legais vixentes.

En caso de realizar o envío por correo postal, dirixirase ao seguinte enderezo:

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Rúa San Roque, 2, 1.º andar
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

Para axilizaren a recepción dos materiais, os centros poderanllos adiantar á Secretaría Xeral de Política Lingüística, por medio dunha mensaxe electrónica a sxpl.planificacion@xunta.es; estarán identificados só co lema ou pseudónimo e o envío realizarase desde un enderezo electrónico distinto ao do centro para garantir o anonimato. Este sistema non exige de entregar os traballos polos medios indicados nos parágrafos anteriores.

9 Prazo

O prazo de presentación dos traballos rematará o día 22 de xaneiro de 2020 (incluído).

10 Comisión de selección

Para o ditame dos premios constituirase unha comisión de selección e integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística ou a persoa en quen delegue, que actuará de presidenta.
- Unha persoa asesora técnica designada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, que se encargará dos contidos educativos.
- Unha persoa asesora técnica designada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- As persoas coordinadoras de ámbito territorial dos equipos de dinamización da lingua galega.
- Unha persoa funcionaria da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

A Comisión de Selección poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración dos proxectos cando o considerar pertinente.





11 Criterios de valoración

A Comisión de Selección terá en conta os seguintes criterios de valoración:

- Ampliación da perspectiva de coñecemento do autor homenaxeado e carácter motivador da proposta.
- Inclusión de actividades que garden relación directa co obxecto de divulgar a obra e a época do autor e estean dirixidas a distintos ámbitos de coñecemento.
- Nivel de implicación da comunidade educativa e incidencia nesta.
- Orixinalidade e innovación da proposta.
- Orde, claridade, coherencia e corrección lingüística na presentación.
- Calidade técnica e estética do produto.

12 Tratamento dos orixinais

Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os centros o soliciten por escrito, no prazo máximo dun mes a partir da data en que se publique a resolución. Os orixinais que non se retiren destruíranse.

13 Distribución das exposicións gañadoras

A exposición de cada unha das categorías que resulte seleccionada será impresa e distribuída en arredor de 1 800 puntos de Galicia e do exterior, tales como centros de ensino, centros de estudos galegos, centros da emigración, concellos, bibliotecas municipais e casas da cultura, entre outros. Nela figurarán a imaxe gráfica da Xunta de Galicia e o nome do centro gañador.

14 Responsabilidades legais

A Secretaría Xeral de Política Lingüística quedará eximida de toda responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente na que puideren incorrer as persoas participantes en materia de propiedade intelectual.

15 Difusión dos traballos gañadores

A Secretaría Xeral de Política Lingüística reserva para si o dereito a organizar exposicións e/ou editar, reproducir, exhibir ou publicar a imaxe ou o contido dos traballos presentados, por calquera medio que considere oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

16 Propiedade intelectual

O concepto creativo global do traballo é de explotación exclusiva da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Todos os materiais que se produzan pasarán a ser propiedade





da Secretaría Xeral de Política Lingüística que, de acordo cos autores e as autoras, poderá realizar modificacións que melloren o resultado final e faciliten acadar os obxectivos desta convocatoria.

17 Modificacións

Os centros gañadores deberán entregarlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística os traballos presentados nun formato de alta resolución que permita realizar as modificacións que, de acordo cos autores e as autoras, cumpria realizar.

Artigo 18 Protección de datos de carácter persoal

No desenvolvemento desta convocatoria respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06.12.2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercer outros dereitos nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

19 Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. A Secretaría Xeral de Política Lingüística queda facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

